

SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DA XORNADA POR DEPENDENTES A CARGO

Eu, _____, con documento de identidade nº _____, prestando servizos actualmente para a empresa _____ coa categoría/posto de _____ no seu centro de traballo sito en _____

MANIFESTO:

Ao abeiro do recollido no artigo 34.8 do E.T. segundo o cal: *“as persoas traballadoras teñen dereito a solicitar as adaptacións da duración e distribución da xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo e na forma de prestación, incluída a prestación do seu traballo a distancia, para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.*

No caso de que teñan fillos ou fillas, as persoas traballadoras teñen dereito a efectuar dita solicitude até que os fillos ou fillas cumpran 12 anos.

*Tamén terán este dereito aquelas que teñan necesidades de coidado respecto dos **fillos e fillas maiores de doce anos, o cónxuxe ou parella de feito, familiares** por consanguinidade até o segundo grao da persoa traballadora, así como doutras persoas dependentes cando, neste último caso, convivan no mesmo domicilio, e que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmos, debendo xustificar as circunstancias nas que fundamenta a súa petición.*

*A empresa, ante a solicitude da persoa traballadora, abrirá un proceso de negociación con esta que terá que desenvolverse coa máxima celeridade e, en todo caso, durante un **período máximo de quince días**, presumíndose a súa concesión se non concorre oposición motivada expresa neste prazo. Finalizado o proceso de negociación, **a empresa comunicará por escrito a aceptación da petición**. En caso contrario, fará unha proposta alternativa que posibilite as necesidades de conciliación da persoa traballadora ou ben manifestará a negativa ao seu exercicio. Cando se presente unha proposta alternativa ou se denegue a petición, motivaranse as razóns obxectivas nas que se sustenta a decisión.*

A persoa traballadora terá dereito a regresar á situación anterior á adaptación unha vez concluído o período acordado ou previsto ou cando decaían as causas que motivaron a solicitude. No resto dos supostos, de concorrer un cambio de circunstancias que así o xustifique, a empresa só poderá denegar o regreso solicitado cando existan razóns obxectivas motivadas para isto.

SOLICITO:

Adaptar a duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o meu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de xeito que a xornada sexa distribuída do seguinte xeito: de _____ a _____ horas.

Axúntase documentación acreditativa de dita situación.

En caso de non recibir resposta a este escrito nun prazo de quince días, entenderase estimada a petición.

E para que así conste para os efectos oportunos, asino a presente en data ____ de _____ de 20__.

Asinado,

A persoa traballadora

Recibín,

A empresa